

***PROGRAMACIÓN***  
***DIDÁCTICA***  
***EDUCACIÓN MUSICAL***

CEIP DE CURTIS

*Mestra: Laura Varela López*

*Curso 2021/2022*

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos
  - 2.1. Obxectivos xerais de etapa
3. Competencias clave
4. Temporalización
5. Metodoloxía
  - 5.1. Materiais e recursos didácticos
6. Recursos
7. Actividades
8. Programas educativos
  - 8.1. Tratamento e fomento da lectura
  - 8.2. Educación dixital
  - 8.3. Proxecto lingüístico
  - 8.4. Educación en valores
9. Plan de convivencia
10. Atención á diversidade
11. Avaliación
  - 11.1. Avaliación inicial
  - 11.2. Técnicas e instrumentos de avaliación
  - 11.3. Criterios de cualificación
  - 11.4. Mínimos imprescindibles
  - 11.5. Programas de recuperación
  - 11.6. Avaliación da práctica docente
  - 11.7. Avaliación da programación
  
12. Desenvolvemento curricular das materias: contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe de cada unha das materias.

## 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### *Introdución*

A expresión artística é natural nas persoas dende a orixe dos tempos, como medio de comunicación, como vía para descargar enerxía, como actividade pracenteira, evasión ou como instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilitando a capacidade para lograr unha aprendizaxe emocional.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no medio e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo, individual e social, e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma a nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade cultural, e mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a materia de música desenvolverá as capacidades relacionadas coa percepción e expresión das representacións musicais e coa comunicación de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, incrementará a dimensión comunicativa dos procesos artísticos. O traballo na aula de música deberá partir do propio corpo. A metodoloxía empregada será lúdica e activa para o ensino da música en xeral, así como para a contribución ao desenvolvemento integral do alumnado.

A música converteuse, durante o confinamento, nunha forma natural de expresión emocional, de distracción e de comunicación; ninguén o planificou senón que sucedeu de forma espontánea. Terase en conta todos os beneficios que aporta a música a nivel cognitivo, psicomotor e emocional para levar a

cabo as actividades neste curso 2021/2022 marcado polo COVID – 19.

### ***Contextualización***

O C.E.I.P. de Curtis está situado na vila de Curtis, pertencente ó Concello de Curtis cunha poboación aproximada de 4.000 habitantes. A meirande parte do alumnado pertence a familias de clase media residentes na vila e no entorno rural do concello.

A presente programación está deseñada tendo en conta a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, para a mellora da calidade educativa e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

O centro consta dunha liña con 3 aulas de Educación Infantil e 6 aulas de Educación Primaria. O curso de 1º está formado por 9 discentes, en 2º curso 22 discentes, en 3º curso 17 discentes, en 4º curso 12 discentes, en 5º curso 13 discentes e en 6º curso 12 discentes.

Os grupos están formados por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un dos alumnos e alumnas e a súa situación.

## **2) OBXECTIVOS**

### **a) Obxectivos xerais de etapa**

Os obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria son referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe ao longo de toda a etapa de educación primaria.

Os obxectivos xerais de etapa aos que se contribúen mais directamente dende a materia de música son:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparase para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como

unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3) COMPETENCIAS CLAVE**

A competencia desta área supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas. Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas diferentes manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e desfrutalas. Esta competencia implica atopar fontes, formas e canles de comprensión e expresión. Trátase dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. O conxunto de destrezas desta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e desfrutar coa arte e outras manifestacións culturais como a aquelas relacionadas co emprego dalgúns recursos de expresión artística para realizar creacións propias. Implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais, artísticas e deportivas; a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo; unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais; o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

Por outra banda, as Competencias Clave defínense como “aquelas competencias que tódalas persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Tendo en conta a situación sanitaria deste curso 2021 – 2022, a resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid – 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021 – 2022 e os espazos do centro educativo, os indicadores nos que se desgregan as competencias clave para a materia de educación musical que se levarán a cabo son os seguintes:

### ***Primeiro curso***

#### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- Le ladaíñas e cancións ao unísono.

#### Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)

- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Le con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Xoga a pregunta resposta con motivos rítmicos.
- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.

#### Competencia Dixital (CD)

- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.

- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

### Aprender a Aprender (CAA)

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos obxectos, dos animais.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- Xoga a pregunta-resposta con motivos rítmicos.
- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
- Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
- Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.



## Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos obxectos, dos animais.
- Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
- Identifica voces masculinas e femininas.
- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
- Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
- Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

- Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
- Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

## ***Segundo curso***

### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

### Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)

- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

### Competencia Dixital (CD)

- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

### Aprender a Aprender (CAA)

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos obxectos, dos animais.
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónnaas coas súas obras
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
- Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
- Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
- Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
- Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

### Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos obxectos, dos animais.
- Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
- Identifica voces masculinas, femininas e infantís.
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias
- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Identifica a pregunta resposta con motivos melódicos e rítmicos.

- Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
- Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafa.
- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

### ***Terceiro curso***

#### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

#### Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)

- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

#### Competencia Dixital (CD)

- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

### Aprender a Aprender (CAA)

- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

- Identificandanzas tradicionais galegas e doutras culturas.

### Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.

### Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.

- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Identifica danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

### ***Cuarto curso***

#### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

#### Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)

- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.

#### Competencia Dixital (CD)

- Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas.



- Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.
- Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

### Aprender a Aprender (CAA)

- Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.
- Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
- Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
- Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.
- Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

### Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

- Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
- Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

### Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
- Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
- Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

### **Quinto curso**

#### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

- Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
- Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
- Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.
- Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.

#### Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía (CMCCT)

- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.

#### Competencia Dixital (CD)

- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
- Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
- Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.

#### Aprender a Aprender (CAA)

- Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.

- Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
- Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
- Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
- Crea mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
- Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
- Emprega materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.

- Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
- Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
- Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas

#### Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
- Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
- Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.

#### Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.

- Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
- Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
- Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
- Crea mediante graffas convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
- Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
- Emprega materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

## **Sexto curso**

### Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

- Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
- Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
- Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.
- Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.

### Competencia Dixital (CD)

- Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
- Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.
- Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

### Aprender a Aprender (CAA)

- Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
- Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
- Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.



- Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas.
- Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
- Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.
- Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
- Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
- Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.
- Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.

### Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.
- Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.

- Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.
- Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

### Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

- Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.

### Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)

- Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
- Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
- Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.
- Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreáas.
- Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
- Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Coñece cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.

- Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
- Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

#### 4) TEMPORALIZACIÓN

##### *Primeiro curso*

<b>Trimestre</b>	<b>Unidades</b>	<b>Período de desenvolvemento</b>
1º Trimestre	1.- Benvidos ao colexio	13 setembro ó 18 outubro
	2.- O outono xa está aquí	25 outubro ó 15 novembro
	3.- Bo Nadal!	22 novembro ó 20 decembro
2º Trimestre	4.- A familia	10 xaneiro ó 31 xaneiro
	5.- Xogando co entroido	7 febreiro ó 21 febreiro
	6.- Os animais	7 marzo ó 4 abril
3º Trimestre	7.- A primavera	25 abril ó 9 maio
	8.- Os maíos	23 maio ó 30 maio
	9.- Boas vacacións	6 xuño ó 20 xuño

##### *Segundo curso*

<b>Trimestre</b>	<b>Unidades</b>	<b>Período de desenvolvemento</b>
1º Trimestre	1.- De volta ao colexio	10 setembro ó 15 outubro

	2.- As cores do outono	22 outubro ó 12 novembro
	3.- Bo Nadal!	19 novembro ó 17 decembro
2º Trimestre	4.- Benvido inverno	14 xaneiro ó 4 febreiro
	5.-Xogamos a disfrazarnos?	11 febreiro ó 25 febreiro
	6.- Os amigos	4 marzo ó 8 abril
3º Trimestre	7.- A granxa	22 abril ó 6 maio
	8.- Escoitando a natureza	13 maio ó 27 maio
	9.- Ata a próxima!	3 xuño ó 17 xuño

### ***Terceiro curso***

<b>Trimestre</b>	<b>Unidades</b>	<b>Período de desenvolvemento</b>
1º Trimestre	1.- Gústame a música	9 setembro ó 14 outubro
	2.- Buscando castañas e noces	21 outubro ó 11 novembro
	3.- Bo Nadal!	20 novembro ó 16 decembro
2º Trimestre	4.- Folerpas de neve	13 xaneiro ó 3 febreiro
	5.- Un disfraz de medo	10 febreiro ó 24 febreiro
	6.- Os amigos	3 marzo ó 7 abril
3º Trimestre	7.- Chegou a primavera	21 abril ó 5 maio
	8.- Xogando coa música	12 maio ó 26 maio
	9.- Benvido verán	2 xuño ó 16 xuño

### **Cuarto curso**

<b>Trimestre</b>	<b>Unidades</b>	<b>Período de desenvolvemento</b>
1º Trimestre	1.- Cantemos todos xuntos	10 setembro ó 15 outubro
	2.- Chega o outono	22 outubro ó 12 novembro
	3.- Mazapáns e turrón	19 novembro ó 17 decembro
2º Trimestre	4.- Cantándolle ao inverno	14 xaneiro ó 4 febreiro
	5.- De entroido	11 febreiro ó 25 febreiro
	6.- O resto do mundo	10 setembro ó 15 outubro
3º Trimestre	7.- Bailando coa primavera	20 abril ó 4 maio
	8.- Aí veñen os maíos	11 maio ó 1 xuño
	9.- Comeza o verán	8 maio ó 22 xuño

### **Quinto curso**

<b>Trimestre</b>	<b>Unidades</b>	<b>Período de desenvolvemento</b>
1º Trimestre	1.- As nosas tradicións	14 setembro ó 19 outubro
	2.- O outono	29 outubro ó 19 novembro
	3.- Celebramos o nadal	23 novembro ó 25 decembro
2º Trimestre	4.- Celebramos a paz	11 xaneiro ó 28 xaneiro
	5.- O entroido no mundo	1 febreiro ó 22 febreiro
	6.- As festas populares	4 marzo ó 8 abril
3º Trimestre	7.- A música no mundo	22 abril ó 6 maio
	8.- Bailando os maíos	13 maio ó 27 maio
	9.- Despedindo o curso	3 xuño ó 17 xuño

## Sexto curso

Trimestre	Unidades	Período de desenvolvemento
1º Trimestre	1.- De volta ao colexio!	9 setembro ó 14 outubro
	2.- Bailemos	21 outubro ó 11 novembro
	3.- Bo Nadal!	20 novembro ó 16 decembro
2º Trimestre	4.- Cantámoslle á paz	14 xaneiro ó 3 febreiro
	5.-Disfrazámonos?	10 febreiro ó 24 febreiro
	6.- As melodías do mundo	3 marzo ó 7 abril
3º Trimestre	7.- Chegou a primavera	21 abril ó 5 maio
	8.- Xogando coa voz	12 maio ó 26 maio
	9.- Outras culturas	2 xuño ó 16 xuño

## 5) METODOLOXÍA

Para favorecer a aprendizaxe por competencias, a metodoloxía será eminentemente activa, a través de estratexias interactivas, a realización de proxectos e o emprego das novas tecnoloxías, centrando a atención na creación.

Para garantir a aprendizaxe significativa, os contidos presentaránse dun xeito eminentemente práctico e baseado na percepción sensorial, favorecendo a activación dos coñecementos previos do alumnado. Os principios construtivistas, enfatizan na necesidade de establecer conexións para favorecer a integración dos novos contidos na estrutura cognitiva do alumno (por medio da análise a lectoescritura) permitindo a comprensión e asimilación que posibilita a súa aplicación en situacións semellantes a través da transferencia (improvisación e creación).

Estarán presentes os métodos e recursos propostos por Dalcroze, Orff, Kodály e Wuytack. O **método Dalcroze**, parte do movemento e o propio corpo como base

para a educación rítmica a través do emprego da percusión corporal. O **método Orff** baséase na relación linguaxe-corpo-instrumento. Empregaremos a percusión corporal para acompañar as pezas musicais. Dentro da metodoloxía Orff destaca o traballo realizado polo seu discípulo **J.Wuytack** con respecto ao uso do musicograma. O **método Kodály** toma como base da educación musical o desenvolvemento auditiva.

## **6) RECURSOS**

### **a) Materiais**

Os materiais e recursos didácticos cos que contamos son os seguintes:

- Pizarra sen pautar.
- Fichas de traballo individual.
- Equipo de música.
- Discografía variada.
- Vídeos, DVds..
- Libros de: lecturas, folclore, contos, poesías...
- Ordenadores.

No caso de levar a cabo o proceso de ensinanza – aprendizaxe de forma non presencial o alumnado debera posuír un dispositivo electrónico con conexión a internet.

### **b) Espaciais**

A aula ordinaria de cada grupo – clase, a aula de informática e o patio do centro, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan as apropiadas.

## **7) ACTIVIDADES**

As actividades de ensinanza e aprendizaxe estarán condicionadas polos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Baixo a perspectiva do construtivismo seleccionaranse as que estean baseadas nesta metodoloxía e que resulten mais motivantes, significativas, funcionais que

impliquen a disonancia cognitiva e permitan diferentes ritmos de aprendizaxe. As actividades serán de motivación introdución, onde o obxectivo principal será o diagnóstico dos coñecementos previos; de desenvolvemento, de diagnóstico, de síntese, de reforzo e ampliación e de avaliación.

No caso de que se leve a cabo unha ensinanza non presencial a metodoloxía empregada será a través de medios telemáticos (aula virtual, webex) mediante actividades de desenvolvemento auditivo, recoñecemento de instrumentos, linguaxe musical... no mes de setembro farase unha valoración dos medios informáticos que posúe o alumnado para poder levar a cabo o proceso de ensinanza – aprendizaxe de forma non presencial e poder ter unha solución.

## **8) PROGRAMAS EDUCATIVOS**

### **a) Biblioteca escolar e lectura**

Dende a biblioteca do centro parte un proxecto integrador, neste curso 2021 – 2022 titúlase NamorARTE e parte das actividades propostas estarán relacionadas con esta temática.

Ademais, contribúese ao plan lector a través das seguintes actividades:

- Traballar distintos tipos de lectura: en voz alta, silenciosa, colectiva e individual.
- Utilizar distintas técnicas de lectura: repousada, rápida, en plan de búsqueda de datos.
- Promover na aula actividades encamiñadas á mellora da expresión oral: recitacións de poemas, trabalinguas, contos, adiviñas, refrán

### **b) Educación dixital**

Dende a materia de música contribuírase á educación dixital a través de:

- Utilizar diversas webs educativas con propostas de actividades didácticas.



- Realizar actividades e xogos para aprender e practicar a linguaxe musical: o son, o ritmo...
- Utilizar diferentes programas interactivos para mellorar distintos aspectos musicais.
- Recoñecer e valorar as diversas manifestacións musicais da nosa comunidade e de distintas culturas coa axuda das novas tecnoloxías.
- Crear a súa propia música ou inventar ritmos.

## **9) PLAN DE CONVIVENCIA**

Ao principio do curso estableceranse a normas de convivencia na aula e as consecuencias do seu incumprimento. Estas serán aprobadas, razoadas e acordadas polo alumnado.

Un exemplo de normas de convivencia para a clase de música serán:

1. escoitar.
2. Respetar ao mestre/a e aos compañeiros/as.
3. Participar nas actividades musicais.
4. Coidar o material e os instrumentos.

Ademais, o centro educativo conta cunha aula de convivencia.

## **10) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

- En cada unha das Unidades didácticas de cada Nivel, figuran medidas concretas de atención á diversidade, que se concretarán coas Necesidades Específicas de Apoio Educativo de cada neno en concreto, tanto se son de sobredotación intelectual, como se necesitan un tratamento de adaptación dos contidos ou se por seren estranxeiros descoñecen unha ou as dúas linguas oficiais de Galicia. Para iso teremos programadas actividades de ampliación e reforzo.
- Os/as nenos/as que precisen axuda especial por mor de non aprobar algunha avaliación ou non ter feito algún traballo, realizarán actividades de reforzo de distinto tipo: fichas, exercicios rítmicos, etc..

No caso de que fose preciso, contemplaríase a aplicación de outro tipo de medidas de atención á diversidade, como reforzos educativos (afectan ós elementos non prescritivos do currículo) e adaptacións curriculares significativas (modifican ós elementos prescritivos do currículo, é dicir, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

## **11) AVALIACIÓN**

A avaliación das aprendizaxes é un proceso, a través do cal se observa, recolle e analiza información relevante, respecto do proceso de aprendizaxe dos estudantes, coa finalidade de reflexionar, emitir xuízo de valor e tomar decisión pertinentes e oportunas para mellora o proceso de ensinanza – aprendizaxe. Tendo en conta a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galiza, a avaliación da materia de música levarase a cabo do seguinte xeito:

### **a) Avaliación inicial**

A avaliación inicial ou diagnóstica realizarase ó principio do curso (dúas primeiras sesións ó inicio das clases ) para valorar os coñecementos previos do alumnado.

Para iso, a avaliación inicial levarase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- Realización de probas de avaliación inicial.
- Observación das actividades previas e rexistro de datos significativos.
- Entrevistas co profesorado, departamento de orientación, familias, alumnado...
- Consultar informes persoais da etapa anterior.

Os resultados da avaliación inicial serán o punto de referencia á hora de elaborar as programacións de aula, así como, adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación.

### **b) Técnicas e instrumentos**

Para comprobar a consecución dos obxectivos poñeranse en práctica ao longo do curso os seguintes instrumentos de avaliación:

1. Observación diaria e sistemática do alumnado nas actividades realizadas.
2. Diario de clase, onde se rexistrarán as observacións e datos de interese sobre o alumnado, como a actitude, o comportamento, o traballo, ...
